

QUEN DIXO QUE A MOCIDADE ERA PASIVA E POUCA PARTICIPATIVA?

Nós sabemos que hai moitas inquiredanzas pero pouca información. Por iso imos dicirche onde están esperándote...!



Mira estas fotos: Ovi, Mila, Roque, Enma, Dolly, Bimba... A súa mirada triste é porque os abandonaron, e preguntáronse que fixeron mal, por que os traizoaron.



Afortunadamente estades vós aquí para devolverlles a confianza e a alegría, para socializalos e que poidan ser adoptados por persoas responsables.

BUSCAS EXPERIENCIAS FORTES...? Colabora cunha asociación protectora de animais. **BUSCAS TRANQUILIDADE E SOSEGO...?** Colabora nunha asociación protectora de animais.

Anímate, verás canto agradecemento recibes. Non te preguntes a cambio de que. Non tes que facer ingresos, nin superar exames. Só tes que amosar o moito que vales. Como? Cunha caricia, cun paseo, cun pouquiño de tempo, nada máis! Iso é todo.



AS AVANTAXES SON MOITAS: Coñecer xente -quen dixo que a xente son só as persoas?-, facer exercicio e mellorar o teu ton muscular; relacionarte; estar ao aire libre; desestresarte... e liberar adrenalina.

Tranquilos, explicámonos:

1º Se non tes un can e sempre o desexaches: aquí terás moitos. Todos serán para ti. Cada día que vaias atoparalos ansiosos agardando a túa visita.

Es dos que prefire andar tranquilo e non cansarse? Baxter, o perfecto Basset Hound quere coñecerte. Prefires facer exercicio e moverte moito? Natacha, unha encantadora Golden Retriever pode facer moito por ti. Pero, tal vez te



seduzan os cans máis velliños, con moitas historias ás costas: Lord Hamilton, é o perfecto compañeiro, un griffon abandonado polos cazadores. Non obstante,



se queres coñecelos a todos, non te cortes: o palleiro inquedo e intelixente...? Este é Morgan, un vello pirata. O afgán elegante e sedutor?... Xan agarda por ti. A pastor alemán revoltosa e curiosa?... Ada xa está na porta!. Sir William é un setter altivo e orgulloso, tes que gañarte a súa confianza, pero con entrega conseguíralo.

É imposible nomealos a todos, pero eles e elas presentaranse ante ti. Non penses que ti os elixes, son eles os que fan a elección!

2º Farás exercicio. Ti decides o ritmo, se queres ir máis amodiño podes pasear cun basset ou cun can velliño; se prefires correr e moverte máis, os novos, aloucados e inquedos pegaranse a ti.



3º Estarás ao aire libre. Porque eles queren saír por aí, nada de estar na canceira, xa lles chega toda a semana...



4º Deixarás de estar estresado/a. Coñeces o poder calmante dunha caricia? Experimentao facéndoas ti a moreas, liberarás moitas endorfinas. Volverás á casa mellor ca despois dun *jacuzzi*.



5º Cabrearaste contra o sistema e liberarás adrenalina. Se, ademais, es rebelde, atoparás unha causa pola que loitar. Ti sabes que isto é unha mácula nunha sociedade do século XXI que se di chamar “avanzada”. A xuventude ten que amosar que os tempos cambian de verdade e que non se pode seguir permitindo o amparo do abandono e da venda incontrolada de animais. Por iso, se queres colaborar coas asociacións promovendo actividades, tamén podes. Para as persoas que xa están facendo cousas, todas as axudas son ben recibidas.

COMO PODES FACELO? EN DOUS PASOS:

1º Le o documento que te achegamos, son os enderezos das asociacións que hai agora rexistradas en Galicia, busca a que che quede máis cómoda para colaborar. Posiblemente hai máis que non están aquí, se queres saber se na túa vila hai algún refuxio chama á policía local, ela facilitarache os datos.



2º Adiante! Vai alá. Só faltas ti!

Todo serán vantaxes. Non te preocupes pola indumentaria: a Lana, Natacha, Lord Hamilton, Morgan, Roque, Enma, Mila, Dolly, Ovi, Bimbo, Sir William e a todos os demais dálles igual como vaias, só lles importa como es: amable e bo/a con eles. Queren recibir a túa amizade, nada máis. Tampouco haberá alfombra vermella, nin *flashes*, nin xornalistas, nin persoeiros, non é centro do seu interese, isto é a rebotica da nosa sociedade... O importante é que só atoparás auténticas personaxes que te encherán a vida de momentos gratificantes. E, por riba de todo, terás amigos para sempre. Lembras aquela campaña?:

“El nunca o faría”



Pois iso, **eles nunca nos abandonan. Aí reside a nobreza.**

Anímate! Estes son os enderezos de contacto.

NOME ASOCIACIÓN	PRESIDENTE/A	ENDEREZO	CONCELLO	TELÉFONO/CORREO ELECTRÓNICO/PÁXINA WEB
S. P. de animais e plantas de Santiago	D. ^a Julia Diéguez	Apdo. de Correos 109	15701 Santiago de Compostela, A CORUÑA	Tel.: 981 596 974
S. P. de animais "San Francisco de Asís"	D. ^a Carmen Santín López	Praza de Alcácer, n.º 13	15600 Pontedeume, A CORUÑA	
S. P. de animais e plantas "San Antonio Abad"	M. ^a Antonia de Velasco	Rúa Santiago 4-3ª	15001 A Coruña	Tels.98 127 77 65 - 610 99 41 14
Asociación Galega de Defensa dos Dereitos dos	Antonio Javier de Bartolomé y	Rianxo, n.º 19, 4º esq.	A CORUÑA	Tel.: 981 287 349

NOME ASOCIACIÓN	PRESIDENTE/A	ENDEREZO	CONCELLO	TELÉFONO/CORREO ELECTRÓNICO/PÁXINA WEB
Animais (AGDDA)	Martínez Dans			
S. P. de Animais Domésticos Abandonados do Noroeste (APADAN)	M.ª del Carmen Gómez Martínez	Lugar Monte Aguillón, s/n	15189 Culleredo (A Coruña)	Tel. 626 07 67 76 Web: www.apadan.net webmaster@apadan.net
S. P. "Amigos do Can" de Ferrol	Anxo González Vilarinho	R/ Espartero, 24	15401 Ferrol, A Coruña	
Asociación Pura Raza Cabalo Galego	Jacobo Pérez Paz	R/ Santiago de Chile, n.º 13, local 21	15706 Santiago A Coruña	
Asociación Protectora de Animais do Barbanza	M.ª del Carmen González Tubío	LG. Villanustres, 77 - Asados	15920 Rianxo, A Coruña	
Asociación Galega de Amigos dos Cans de Carballo		C/ As airas, 26 Bertoa	15100 Carballo (A Coruña)	Tel.: 981 70 29 93: info@protectoracarballo.com www.protectoracarballo.com
Asociación para un comportamento ético cos animais "COMETA"	Susana Mauriz Sixto	R/ Manoel Antonio, 4-2º	15570 Narón, A Coruña	Tel.: 617 040 992 correo@asociacioncometa.com
Asociación pola protección animal Abeiro	Susana Romero García	Bando, s/n 15890 Santiago	Santiago	Tel.:646 492 835 www.refuxio.org
Asociación Protectora de Animales Gatocan	María Beatriz Martín Catoira	Espiñeiro, 38-B, Carnoedo	15169 Vigo	
S.P. de Animais e Plantas de Lugo	Francisco Javier García Calleja	Apart. de Correos 572	27080 Lugo	Tel: 600 548 848 direccion@protectoralugo.org www.protectoralugo.org
Sociedade galega de protección equina-pegaso	Herminio Pose Nieto	Avda. Magoi, n.º 64, 4º E	27002 Lugo	Tel.: 686 948 488
Unión de Protectoras de Animais Federadas de Galicia (UPAFGA)	Francisco Javier García Calleja	Apart. de Correos 572	27080 Lugo	Tel.: 600 548 848 direccion@protectoralugo.org www.protectoralugo.org
Asociación Protectora	Ángel Poza	Estrada de	32003	

NOME ASOCIACIÓN	PRESIDENTE/A	ENDEREZO	CONCELLO	TELÉFONO/CORREO ELECTRÓNICO/PÁXINA WEB
Animais Albergue Canino PROGAPE	Aldea	Vilar Dastres (antigo vertedoiro)	Ourense	Tel.: 988 212 939 anpoalde@hotmail.com
Grupo de Acción Ecoloxista "Outeiro"	Francisco Valeiras Baranda	Refuxio en A Mebela, Parroquia de Madarnás	32500 O Carballiño, Ourense	Tel.: 649 528 454
S. P. de Animais e Plantas "Amigos de Baiona"	Ana Bordallo Pérez	R/ Alfárez Barreiro, 20, 4º B	Baiona, Pontevedra	
Centro de Acollida e Adopción de Cans Os Palleiros de Pontevedra	Estrella Molero Gálvez	R/ Fernández Ladrada, 35, 2º D	Pontevedra	Tels. 986 86 26 64 - 986 84 34 38
S. P. de Animais e Plantas "Vida", de Redondela	Rosa Lino Verde	Avda. Mendiño, s/n	36800 Redondela, Pontevedra	
S. P. de Animais e Plantas de Vilagarcía de Arousa	Ángeles Rodríguez Barreiro	Pinar do Monte (ao lado do punto limpo)	36600 Vilagarcía de Arousa, Pontevedra	www.protectoravilagarcia.org Tel.: 627 644 810 josefranciscoalonso@redfarma.org
S. P. de Animais e Plantas "Verduxo", de Soutomaior	Carmen Álvarez Domínguez	R/ Lourido, 32, Pedra do Pouso	36691 Soutomaior, Pontevedra	Tel.: 986.705 396
S. P. de Animais e Plantas de Vigo	Amparo Roger Piñeiro	R/ Padre Don Rúa, 5-7º F	36203 Vigo, Pontevedra	Tel.:608 986 198 Tel.: 986 452 265 amparoroger@eresmas.com
S. P. de Animais e Plantas de Tui	María del Carmen Dongil Parada	R/ Obispo Salvado, n.º 11	TUI, Pontevedra	
Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía, de Vigo	Estanislao Fernández de la Cigoña Núñez	R/ Uruguai, 11, 4º esq.	36201 Vigo	Tel.: 986 433 572
Federación Galega de Asociacións Protectoras de Animais e Plantas	M.ª Luisa Caride Rodríguez	R/ Poeta Pondal, 14 (Vigo)	O Refuxio está en Pontearreas	Tel.: 986 413 207 Tel.: 651 020 483

NOME ASOCIACIÓN	PRESIDENTE/A	ENDEREZO	CONCELLO	TELÉFONO/CORREO ELECTRÓNICO/PÁXINA WEB
S. P. de Animais sen Fronteiras	M. ^a Luisa Caride Rodríguez	R/ Poeta Pondal, 14	Vigo	Tel.: 986 413 207 Tel.: 651 020 483 www.colectivoanimal.com/Quienessomos.htm info@colectivoanimal.com
S. P. de Animais da Guarda	Elisa Cupeiro Tirso	R/ Juliana López, 5, baixo	A Guarda (Pontevedra)	info@colectivoanimal.com
S. P. "Amigos dos Animais" de Vigo	Estanislao Fernández de la Cigoña	Rúa Pizarro, 25, 7A	36204 Vigo	Tel.: 986 433 572
S. P. de Animais e Plantas de Marín	María Nieves Taracido Sobral	Pazo, 12 Ardán	Marín, (Pontevedra)	Tel.: 696 812 328 mopataso@hotmail.com
S. P. de Animais e Plantas do Condado	José Manuel Rivas Fernández	R/ Constitución 12, 1º	Mondariz Balneario (Pontevedra)	
S. P. de Animais e Plantas de Cambados	Olga Costa Bea	Refoxo, s/n, Cambados	Cambados (Pontevedra)	Tel.: 649 919 849 arousaxeles@terra.es www.protectoraanimaiscambados.es
S. P. De Animais e Plantas "Marisa Pozo"	M. ^a Luisa Pozo Millán	Fontes. Nespereira. Pazos de Borbén	Pazos de Borbén (Pontevedra)	
Asociación nacional para la defensa recuperación y estudio terapéutico de la raza asnal (ANDREA)	David Lema Costas	Lugar de Couso, n.º 6	36692 Barro, (Pontevedra)	Tel.: 669 050 970
S. P. "Amigos do Zoo de Vigo"	Jacinto Martín Barreras	Monte da Madroa, s/n	36317 Vigo	Tels. 986 45 22 65 608 98 61 98 619 61 21 91
Asociación Protectora Proyecto Gato	M. ^a Jesús Badín Iglesias	Parada, 88	Matamá, 36213 Vigo	Tel.: 658 366 580 Tel.:666 217 314 webmaster@proyectogato.org

	NOME ASOCIACIÓN	PRESIDENTE/A	ENDEREZO	CONCELLO	TELÉFONO/CORREO ELECTRÓNICO/PÁXINA WEB
	Asociación Protectora de Gatos Ágata	Beatriz Puimer Prado	r/ Tabeada Leal, 9 Baixo	36202 Vigo	Tel.: 639 129 683
	Asociación de Protectoras de Animais GATOCAN		Monte Das Corneas, Parroquia de Lesa (Coiros)	A CORUÑA	Web: www.gatocan.com Tel. 639 129 683 asociaciongatocan@gmail.com

(Fontes: Consellería de Medio Ambiente; Unión de Protectoras de Animais Federadas de Galicia; Fundación Affinity). (Se coñeces algún refuxio que non está aquí, colabora connosco e facilítanos os seus datos).

En todos os refuxios atoparás persoas que traballan dun xeito totalmente altruísta, en condicións –moitas veces- precarias debido á escaseza de medios cos que contan, persoas que se fan responsables de animais abandonados pola irresponsabilidade doutros, persoas que merecen o noso respecto polo seu traballo encomiable. Debemos empurrar forte para que as cousas cambien e, como noutros países europeos, non se necesiten refuxios de animais porque o abandono chegue a ser cero.

Dende o **Consello da Xuventude de Galicia**, conscientes do problema importante que temos, queremos recuperar o espírito que uniu as forzas para loitar contra a marea negra do *Prestige*, e atallar así esta outra marea -a do abandono-, froito da incultura e da falta de respecto. Unha marea que non desaparece e que necesita aglutinar moita enerxía, ilusión e traballo. Pola nosa banda é unha obriga moral impulsar o voluntariado neste eido porque, ademais, os que saen gañando verdadeiramente somos todos, é o progreso moral dunha sociedade que evoluciona, é Galicia.

(Todas as fotos que saen aquí son de cans que están en adopción na seguinte páxina:

<http://www.firmas.org/adopciones/adopcion-de-perros.asp?msg=2s> Todos teñen nome e unha historia detrás, e moitas ganas en ser adoptados, como os que podedes coñecer en calquera das asociacións e refuxios que vos facilitamos máis arriba).

